



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Exposición pública padróns taxas 2026

ANUNCIO

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxetos á Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, padrón de contribuíntes suxetos á Taxa de sumidoiros e padrón de contribuíntes suxetos á Taxa pola entrada de vehículos ao través de beirarrúas e terreos de uso público e reserva de aparcamento para uso exclusivo de carga e descarga, correspondente ao exercicio de 2026.

Mediante decreto da alcaldía nº 65/2026, do 26 de xaneiro de 2026, aprobáronse os padróns seguintes:

- Padrón de contribuíntes suxetos á Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao exercicio de 2026
- Padrón de contribuíntes suxetos á Taxa de sumidoiros correspondente ao exercicio de 2026.
- Padrón de contribuíntes suxetos á Taxa pola entrada de vehículos ao través de beirarrúas e terreos de uso público e reserva de aparcamento para uso exclusivo de carga e descarga, correspondente ao exercicio de 2026.

Os citados padróns quedarán expostos ao público **durante o prazo dun mes** neste concello, onde poderán ser examinados polos interesados.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de setembro, xeral tributaria.

O prazo de ingreso en período voluntario será o que fixe o Servizo Provincial de Recadación da Deputación Provincial, co que este concello ten asinado un Convenio de delegación de competencias en materia de xestión recadatoria.

Contra as liquidacións que conteñen os padróns fiscais, os interesados poderán formular ante o mesmo órgano que os aprobou o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, recurso contencioso-administrativo no **PRAZO DE DOUS MESES**, contados dende o día seguinte á notificación de dita resolución. Se non recaese resolución expresa no **PRAZO DUN MES**, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, se entenderá desestimado, cos efectos xurídicos establecidos no artigo 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tamén poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

De non producirse reclamacións dentro do prazo establecido, os citados padróns consideraranse definitivamente aprobados.

Laxe, 26 de xaneiro de 2026

O Alcalde

Francisco Charlín Oróns

2026/450